



CONDICIÓNS XERAIS

| | | |
|--|------|---------------------|
| ACORDO DE COLABORACIÓN - EXPOSITORES ADHESIÓN Á CAMPAÑA: "ESPAZOS ACTIVOS, ESCAPARATES VIVOS" | | Data: Código N°: |
| INTERVENIENTES | | |
| Por parte de NORTEC (asistencia técnica do proxecto): | | |
| Razón social: | | CIF: |
| Enderezo social: | | |
| Tfno.: | Fax: | E-mail: |
| Representante legal: | | N.I.F.: |

| | | |
|--------------------------------|--|-----------------------|
| Por parte do expositor: | | |
| Razón social: | | CIF/NIF: |
| Enderezo social: | | Teléfono de contacto: |
| Persoa de contacto: | | E-mail: |

A Concellaría de Comercio do Concello de Santiago está realizando un proxecto piloto para minimizar o impacto visual negativo dos locais baleiros a pé de rúa, especialmente nos eixes clave das áreas comerciais urbanas principais de Santiago, coa finalidade de evitar que se degraden comercialmente. A participación do expositor facilita a promoción e comercialización dos seus propios produtos.

OBXECTIVO ESPECÍFICO:

- o Actuar sobre escaparates de locais baleiros a pé de rúa para incrementar a visibilidade e o atractivo do local e da zona comercial.

ACCIÓNS:

- o Baixo a marca comercial "Espazos activos, escaparates vivos", vaise levar a cabo unha campaña con actividades promocionais e intervencións en escaparates de locais baleiros da cidade.
- o A campaña terá unha duración de maio a decembro de 2014 (incluídos).
- o Poderá participar como expositor toda entidade, persoa física ou xurídica, con sede de actividade no termo de Santiago. Considérase unha acción de especial interese para decoradores, estudos de interiorismo, arquitectura, moblarías ou tendas de decoración ou interiorismo.
- o O expositor comprométese a montar e manter convenientemente o escaparate asignado durante o período da campaña: iluminado pola noite ata as 23 h, e limpo de xeito suficiente (interior e exterior do escaparate).
- o Co obxectivo de asegurar unha presentación dos escaparates cun mínimo de calidade e atractivo, a organización revisará as montaxes finais realizadas podendo non autorizar, en casos xustificadas ou extremos, determinadas presentacións finais do escaparate.
- o O expositor deberá realizar no escaparate un mínimo de dúas intervencións: unha inicial e outra durante o mes de setembro de 2014.
- o O expositor asumirá os custos de consumo de luz derivados da súa intervención. Nortec actuará de nexo de unión entre propietario e expositor. Para tal efecto, o expositor aboará a Nortec os custos de consumo efectivamente realizados. Para facilitar a xestión e garantir o cobro efectivo dos ditos gastos, o expositor aboará por adiantado unha estimación dese consumo, mediante pagamentos periódicos de 100 euros, consonte o seguinte procedemento: un primeiro aboamento de 100 euros ao asinar este acordo e sucesivos pagamentos do mesmo importe que poderán ser esixidos por Nortec unha vez consumido o 80% do importe adiantado con anterioridade. Ao remate do proxecto ou cando o expositor desaloxe o local, realizarase a correspondente liquidación final mediante a devolución da diferenza entre o custo do consumo efectivo e o adianto realizado.
- o De entre os locais adheridos ao programa, o expositor elixirá o escaparate no que intervir en atención á súa orde de inscrición. Para estes efectos, entenderase debidamente inscrito a partir do envío deste acordo asinado xunto co xustificante de ingreso do adianto polo consumo de luz.
- o Se o propietario alugase, vendese ou precisase o local, o expositor disporá dun prazo máximo de 10 días para desmontar os escaparates e sacar todos os elementos de decoración depositados no local. Nestes casos, a dirección do proxecto procurará facilitar un novo espazo para manter a súa intervención durante o resto do período. A imposibilidade de traslado a un novo local non xerará ningún tipo de indemnización ou resarcimento a favor do expositor.
- o Colocarase no escaparate que lle sexa asignado un elemento identificativo da campaña promocional. Ademais estarán visibles o nome comercial e os datos básicos do expositor.
- o O expositor dá o seu consentimento á cesión dos seus datos persoais precisos para este fin.
- o Este acordo debidamente asinado deberá remitirse escaneado ao seguinte enderezo electrónico: nortec@nortec.es acompañado de xustificante de ingreso da cantidade inicial de 100 euros consonte o establecido anteriormente. Número de conta IBAN ES04 / 2080 5155 903040033186 (Ref. " Escaparates vivos").
- o A sinatura deste acordo implica a aceptación das súas cláusulas. O seu incumprimento suporá a esixencia de desaloxo do local ocupado por parte do expositor.

CONDICIÓN PARTICULARES

Datos que o expositor quere que figuren no exterior do escaparate e nos soportes publicitarios que se realicen para este efecto:

- o Nome comercial
- o Sector comercial
- o Contacto: Teléfono..... Web.....
- Enderezo.....

Por parte de Nortec:

Data:

Sinatura:

Por parte do expositor:

Data:

Sinatura: